

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE XULLO DE 2019**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 16 de xullo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 15 de xullo de 2019, para poder comprobar o contido dos sobres "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos no procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441).

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:**

D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica

D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal

D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo mixto

D. Óscar Couce Senra, xefe da oficina administrativa e control orzamentario de Vías e Obras

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **3.- Apertura da documentación técnica**

#### **a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia na sesión de 15 de xullo procedeuse á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

Tras a desenscriptación das ofertas produciuse un erro informático e non foi posible comprobar a documentación. Á vista desta circunstancia, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión acordou reunirse de novo hoxe as 10.00 horas.

Unha vez comprobado o contido das ofertas, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:



- Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11.05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:32	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A246-CH2E3B-C5CEB6-C98PF6-9KPTZF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		